

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE DECEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/164/2017.- FINANCIERA MADERERA, S. A.- Conceder licenza para a construción dun novo edificio de vestiarios no lugar de Formarís, 60.

LAP/516/2016.- AUTOCARES MEIJIDE, S. L.- Conceder licenza para a construción dunha nave destinada a aparcadoiro de autobuses na Vía Pasteur nº 3.

LIC/564/2016.- ADRIÁN SALVADO LÓPEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa San Marcos nº 25.

LIC/480/2017.- PARQUE DE COMPOSTELA S. COOP. GALEGA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de tres vivendas unifamiliares con terreo anexo e soto garaxe para 13 prazas de aparcamento e 5 trasteiros en réxime de propiedade horizontal na rúa Belvís (de), 26-30.

LIC/289/2017.- MARTÍN VÁZQUEZ MUÑOZ.- Construción dunha vivenda unifamiliar na Travesía de Pardiñas nº 33.

Lic/1909/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Pérez Constanti nº 12.

LIC/269/2017.- MARIA DEL MAR CARREIRAS ALBO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Vite de Arriba nº 9.

LIC/1443/2017.- ROMINA MARIA GONZALEZ DOPESO PORTELA.- Conceder licenza para a reforma da cuberta do edificio sito na rúa Corredoira das Fragus nº 61.

LIC/1260/2017.- RICARDO CASTRO RIOS.- Conceder licenza para a rehabilitación dun edificio de vivenda unifamiliar (modificación de cornixa) na rúa Entrepexigos nº 13.

LIC/994/2017.- RAMON SENLLE LEMOS.- Conceder licenza para a rehabilitación dun edificio destinado a vivenda unifamiliar na Ruela da Tafona nº 8.

LIC/1623/2014.- JOSE MOSQUERA RAMOS.- Conceder licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e cambio de uso para albergue no lugar de Vilasuso, 7 – Enfesta.

DESFAVORABLE.-

LIC/257/2017.- ROBERTO FAGUNDEZ ARGOTE.- Denegar a licenza para o cambio de uso de galpón e legalización de piscina e construcións auxiliares no lugar de Sarela de Abaixo, Parcela 64.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun novo edificio de vestiarios no lugar de Formarís, 60. LIC/164/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha nave destinada a aparcadoiro de autobuses na Vía Pasteur nº 3. LAP/516/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa San Marcos nº 25. LIC/564/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de tres vivendas unifamiliares con terreo anexo e soto garaxe para 13 prazas de aparcamento e 5 trasteiros en réxime de propiedade horizontal na rúa Belvís (de), 26-30. LIC/480/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza dunha vivenda unifamiliar na Travesía de Pardiñas nº 33. LIC/289/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Pérez Constanti nº 12. LIC/1909/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Vite de Arriba nº 9. LIC/269/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a reforma da cuberta do edificio sito na rúa Corredoira das Fraguas nº 61. LIC/1443/2017. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación dun edificio de vivenda unifamiliar (modificación de cornixa) na rúa Entrepexigos nº 13. LIC/1260/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación dun edificio destinado a vivenda unifamiliar na Ruela da Tafona nº 8. LIC/994/2017. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e cambio de uso para albergue no lugar de Vilasuso, 7 - Enfesta. LIC/1623/2014. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para o cambio de uso de galpón e legalización de piscina e construcións auxiliares no lugar de Sarela de Abaixo, Parcela 64. LIC/257/2017. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do estudo de detalle do ámbito 01 do ARI de VITE. GRUPO DE VIVENDAS NOSA SEÑORA DE BELÉN. Apróbase inicialmente o estudo de detalle que contén a delimitación especial do ámbito da actuación que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal así como a realización de obras ou actuacións que reduzan a demanda enerxética. O estudo de detalle, que lle afecta a 32 bloques de vivendas, someterase a exposición pública durante o prazo dun mes.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do estudo de detalle do ámbito 02 do ARI de VITE. AVENIDA DE CASTELAO E RÚA DE ALEXANDRE BÓVEDA. Apróbase inicialmente o estudo de detalle que contén a delimitación especial do ámbito da actuación que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal así como a realización de obras ou actuacións que reduzan a demanda enerxética. O estudo de detalle, que lle afecta a 17 bloques de vivendas, someterase a exposición pública durante o prazo dun mes.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do estudo de detalle do ámbito 03 do ARI de

VITE. ZONA 3B: RÚA DOS IRMANDIÑOS. Apróbase inicialmente o estudo de detalle que contén a delimitación especial do ámbito da actuación que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal así como a realización de obras ou actuacións que reduzan a demanda enerxética. O estudo de detalle, que lle afecta a 19 bloques de vivendas, someterase a exposición pública durante o prazo dun mes.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do estudo de detalle do ámbito 04 do ARI de VITE. AVENIDA DE GARCÍA LORCA, AVENIDA DE CASTELAO E RÚA DE CELSO EMILIO FERREIRO. Apróbase inicialmente o estudo de detalle que contén a delimitación especial do ámbito da actuación que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal así como a realización de obras ou actuacións que reduzan a demanda enerxética. O estudo de detalle, que lle afecta a 19 bloques de vivendas, someterase a exposición pública durante o prazo dun mes.

18.- Dar conta de corrección de erros materiais no acordo nº 9, letras B) e F) da Xunta de Goberno da sesión de 10.11.17. Dase conta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural CIDADE VELLA. Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á corrección erro no acordo nº 17 da sesión da Xunta de Goberno de data 1.12.17 de adxudicación das obras de "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014". Apróbase a proposta.

21.- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal 1.01 do imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Deportiva HERMES para o desenvolvemento do VII Campus "Vero Boquete". Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 8.500 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación das bases reguladoras correspondentes á creación da LIMIAR "Listaxe Municipal de propietarios de edificios residenciais implicados en actuacións para a súa rehabilitación". Apróbase a proposta

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de recadación. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo do alugueiro, que queda fixado en 744,14 euros mensuais.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de atención ao contribuínte. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo do alugueiro, que queda fixado en 710,04 euros mensuais.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 8 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de atención ao contribuínte. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a

contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo do alugueiro, que queda fixado en 800,39 euros mensuais.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do Estudo de Detalle para a Rehabilitación Integral dos grupos de Vivendas Cardenal Quiroga Palacios e Compostela, no barrio de Pontepedriña. Apróbase inicialmente o estudo de detalle que contén a delimitación especial do ámbito da actuación que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal así como a realización de obras ou actuacións que reduzan a demanda enerxética. O estudo de detalle, que lle afecta a bloques de vivendas, someterase a exposición pública durante o prazo dun mes.

6.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do proxecto “Atlantic Social Lab”, no marco do programa europeo Interreg Atlantic Area. Acórdase convalidar a solicitude de axuda efectuada para participar no programa europeo Interreg Atlantic Area para o programa denominado Atlantic Social Lab do que o Concello é partícipe. Acórdase aceptar a subvención concedida ao abeiro dese programa europeo, así como a creación do proxecto de gasto polo importe total de 169.700 euros. Desda cantidade, 127.275 euros procederá de fondos europeos.

7.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación ds obras de mellora das condicións de accesibilidade no campo de fútbol de Santa Isabel. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 116.698,69 euros, IVE incluído.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de mellora do viario dende o cruce da N-550 na Barciela ata Casas de Arriba en Cesar. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 211.710,38, IVE incluído.

9.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención e da consideración de aula de referencia do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, anualidade 2018. Acéptase a subvención de 15.000 euros e o mantemento da condición de aula CeMit de referencia durante o ano 2018 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

10.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da Dirección Xeral de Formación e Emprego para a posta en marcha do programa integral “Emprego Santiago VI”. Acórdase aceptar a subvención, por importe de 163.200 euros para a posta en práctica durante as anualidades 2017-2018 do programa “Emprego Santiago VI”. O Concello cofinanciará o programa cunha achega de 40.800 euros.